

ASUNTO: Novo servizo a disposición das entidades locais galegas en EidoLocal: o espazo de transparencia local

Sr/Sra Alcalde/sa, Secretario/a

O espazo de transparencia local, froito da colaboración da Dirección Xeral de Administración Local, a Federación galega de municipios e Provincias (Fegamp) e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), nace coa dobre finalidade de dotar aos entes locais dunha plataforma para cumprir coas obrigacións de publicidade que lles esixe a Lei de Transparencia e de facilitar á cidadanía unha ferramenta de consulta da información relativa á actividade da Administración local.

Segundo o disposto na Disposición final novena da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, as normas de transparencia entrará en vigor para os entes locais o 10 de decembro de 2015.

A lei de transparencia outorga uns dereitos ao cidadáns a través de obrigacións que a propia lei impón aos entes locais, ás que se suman deberes de publicidade activa que deben de cumprirse, sexan estes esixidos ou non pola cidadanía.

Para facilitar o cumprimento destes deberes, o portal EidoLocal pon a disposición da súa Entidade Local un novo espazo que posibilita ampliar a transparencia da actividade pública, e onde se aglutina determinado tipo de información actualizada referida a actividade da mesma, facilitando así a súa consulta dunha forma clara, estruturada, entendible e de fácil acceso.

O devandito espazo, conforme a lei, vai abarcar información estruturada nos seguintes ámbitos:

- *Institución, organización, planificación e persoal*
- *Altos cargos e persoal directivo*
- *Xurídica e patrimonial*
- *Contratación, convenios e subvencións*
- *Económica, financeira e orzamentaria*
- *Servizos e procedementos*

Para dispoñer deste novo servizo en EidoLocal deberá solicitalo ao CAU da Xunta (cau-periferico@xunta.es ou fax: 981 545274) a través do modelo de solicitude de alta.

Se xa dispón dunha plataforma onde figure esta información (web propia, web transparencia, etc) poderá solicitar se enlace a ela directamente dende o portal EidoLocal indicando na solicitude de alta a URL completa da súa plataforma de transparencia e marcando á opción "Publicar" en EidoLocal á vez que marca a de "Alta".

Para máis información pode consultar a guía explicativa do servizo.

Para calquera dúbida pode poñerse en contacto co CAU a través do teléfono 881 995 300 ou da conta de correo cau-periferico@xunta.es